

Expediente núm.: 533/2018

Procedemento: Selección de Persoal para a contratación de un chofer de camiión de recollida de lixo, dous oficiais de albanel, dous peóns de limpeza e un animador sociocultural. PLAN CONCELLOS 2018-2019, Liña 3.

APROBACIÓN LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E VALORACIÓN DE MÉRITOS

DECRETO

Por Decreto de Alcaldía nº 2018-0214 de 2 de marzo aprobáronse as Bases de selección para a contratación temporal de un chofer de camiión de recollida de lixo, dous oficiais de albanel, dous peóns de limpeza e un animador sociocultural, de conformidade coas Bases e Convocatoria do Plan Provincial de obras e servizos, Plan Concellos 2018-2019.

De conformidade coa base 9ª das Bases de Selección aprobadas, o Tribunal Cualificador do proceso selectivo, designado mediante Decreto Número: 2018-0351 Data: 112/04/2018, reuniuse o 23 de abril de 2018 co obxecto de supervisar as solicitudes, ditaminar os candidatos admitidos e excluídos, formulando proposta definitiva de candidatos admitidos e excluídos, e valoración de méritos.

De conformidade coa proposta formulada polo Tribunal Cualificador e de conformidade coa base 10ª da convocatoria, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Ley 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as listas definitivas de candidatos admitidos e excluídos, e a valoración de méritos, por orde de puntuación, de conformidade coa proposta formulada polo tribunal cualificador do proceso de selección, concedéndolles un prazo de dous días hábiles para que formulen reclamacións e emendas pertinentes, en relación coa baremación.

SEGUNDO. Convocar os aspirantes admitidos para o xoves día 26, no Centro de Desenvolvemento Local (CDL) de o Torrón, nos seguintes horarios: Oficial de albanel ás 11:00 horas, Peóns de limpeza ás 12:00 horas, Animador sociocultural ás 12:30 h. e ao Chofer de camiión de recollida do lixo ás 13:30 horas; co fin de realizar a proba práctica.

TERCEIRO. Publicar no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

CUARTO. Dar conta deste Decreto ao Pleno nos termos establecidos legalmente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE